

Estimadas familias:

Poñémonos en contacto con vós para invitarvos a participar no proxecto “Quilómetros de Solidariedade de Save the Children”, co obxectivo de implicar aos nenos/as do centro, xunto con vós, nun proxecto educativo, deportivo e solidario cuxo resultado final será que os rapaces e rapazas mobilizaranse para axudar a miles de nenos/as como eles que loitan por sobrevivir e estar protexidos.

Organizaremos a carreira o **luns 30 de xaneiro** en horario de 10:00 a 11:40 horas, con motivo da celebración do Día Mundial da Paz. Esta carreira estará aberta para aqueles familiares que desexen acudir ao centro ese día, poñendo o colofón final a este evento cunha volta simbólica ao percorrido marcado. O horario establecido para esta xornada solidaria é o seguinte:

- ✓ 10:00-10:10: 4º Educación Infantil (1 volta)
- ✓ 10:10-10:20: 5º Educación Infantil (1 volta)
- ✓ 10:20-10:30: 6º Educación Infantil (1 volta)
- ✓ 10:30-10:40: 1º curso de Primaria (2 voltas)
- ✓ 10:40-10:50: 2º curso de Primaria (2 voltas)
- ✓ 10:50-11:00: 3º curso de Primaria (3 voltas)
- ✓ 11:00-11:10: 4º curso de Primaria (3 voltas)
- ✓ 11:10-11:20: 5º curso de Primaria (4 voltas)
- ✓ 11:20-11:30: 6º curso de Primaria (4 voltas)
- ✓ 11:30-11:40: Carreira das familias (1 volta)

Os rapaces e rapazas traerán un pequeno donativo, o que consideren oportuno, pero queremos que algo do que recaden saia da súa hucha, xa que é a mellor maneira de ser conscientes desa axuda que queremos realizar. Desde o centro insistímoslles en que non deben traer unha cantidade considerable de diñeiro. A idea é que unha pequena aportación sumada por centos de nenos/as acaban logrando unha gran suma de diñeiro.

Con todo o diñeiro recadado o centro realizará unha transferencia bancaria a Save the Children.

Importante: O portalón da entrada principal permanecerá aberto para as familias desde as 09:55 ata as 10:10 horas.

MOITAS GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN